

seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Gonzalo Torrente Ballester serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Gonzalo Torrente Ballester será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

#### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Gonzalo Torrente Ballester, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de 30 de decembro de 2015

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
A DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA,



Asdo.: María Goretti Sanmartín Rei

O PRESIDENTE DA FUNDACION, P.D.  
O DIRECTOR XERENTE



Asdo.: Miguel Fernández-Cid Enríquez



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Numero 21/2016

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015.

En Santiago de Compostela o 26 de xaneiro de 2016

#### REUNIDOS

Dona María Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia número 29081 de 23 de decembro de 2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Miguel Fernández-Cid Enríquez, Director Xerente da Fundación Gonzalo Torrente Ballester, por delegación do seu Presidente

Ámbalas partes, no nome e na representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

#### EXPOÑEN

1.- A Fundación Gonzalo Torrente Ballester é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura outorgada o 21 de xullo de 1999. Os seus estatutos foron protocolizados mediante escritura de data 26 de marzo de 2009.

2.- De conformidade co artigo 4º dos estatutos, os fins da Fundación resúmense en promover o estudo da obra de Gonzalo Torrente Ballester e na conservación do seu legado, e concréntanse en:

- Promocionar a investigación e o estudo da figura e da obra de Gonzalo Torrente Ballester.
- Contribuír á localización e a recuperación de toda a produción do autor, tanto a de carácter profesional ou público, como a de carácter privado ou persoal.
- Reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental. En definitiva os bens que constitúen o seu arquivo persoal co fin de garantir a súa permanencia no tempo e no espazo.
- Contribuír e participar no desenvolvemento humano, cultural e científico de Galicia en particular e de España en xeral.
- Contribuír ó estudo do desenvolvemento cultural, político e social do tempo histórico que viviu.

3.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### 1.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester (NIF: G15702939) para financiar as *Actividades do ano 2015*, co obxecto de continuar coa labor de difusión da vida e obra de Gonzalo Torrente Ballester.

Esta actividade lévase a cabo a través das seguintes actuacións:  
- Dixitalización do arquivo fotográfico da Fundación Gonzalo Torrente Ballester.  
- Preparación de exposicións sobre *Gonzalo Torrente Ballester fotógrafo*.

##### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Fundación Gonzalo Torrente Ballester desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>Gastos directos</i>	
- Escaneado e limpeza de negativos e positivos preparatorios copias en papel formato 60x45	3.932,50.-
- Dixitalización en alta resolución de negativos e fotografías en papel	4.356,00.-
- Retoque e limpeza de 60 imáxenes formato 40x60 e 80x120	3.267,00.-
- Enmarcado de fotografías	6.715,50.-
<i>Gastos indirectos</i>	
- Luz e auga	2.375,23.-
<b>Total</b>	<b>20.646,23 €</b>

### III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **16.517 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Gonzalo Torrente Ballester obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Gonzalo Torrente Ballester, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Fundación Gonzalo Torrente Ballester unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da Fundación Gonzalo Torrente Ballester, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o

orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Gonzalo Torrente Ballester para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Gonzalo Torrente Ballester da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Gonzalo Torrente Ballester destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester poderá ser escoilleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no